

TÍTULO I

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, DOMICILIO SOCIAL E FINALIDADE

Artigo 1º A Federación Galega de Baloncesto é unha entidade de dereito privado que reúne xogadores, adestradores, árbitros, así como clubs, asociacións, agrupacións e a totalidade de entidades dedicadas á práctica do baloncesto no territorio galego.

Artigo 2º A Federación Galega de Baloncesto ten plena personalidade xurídica propia e absoluta capacidade de obrar para a consecución dos seus fins, sen ánimo de lucro e de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia, Lei 10/1990, do 15 de outubro do deporte, cos estatutos da Federación Española de Baloncesto, co Decreto 228/1994, do 14 de xullo, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia e coa Orde do 28 de xullo de 1995 que a desenvolve, os presentes estatutos, Regulamentos e Disposicións que no desenvolvemento cotián se acorden na asemblea e noutros órganos de goberno competentes para o efecto da Federación Galega de Baloncesto.

Artigo 3º A Federación Galega de Baloncesto ten o seu domicilio en Santiago de Compostela, Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 14.

Artigo 4º É función da Federación Galega de Baloncesto ordenar, dirixir e planificar todas as actividades do baloncesto en Galicia, en coordinación co organismo competente da Xunta de Galicia, e formar parte da Federación Española de Baloncesto de acordo co Decreto 228/1994 da Xunta de Galicia, en coordinación cos estatutos da Federación Española de Baloncesto e as disposicións que traten das actividades de ámbito español e da FIBA no ámbito internacional.

Artigo 5º Son competencias da Federación Galega de Baloncesto:

- a) Promover o desenvolvemento e a práctica do baloncesto, regulamentar e coordinar o aspecto técnico e organizar os campionatos e competicións da súa xurisdición.
- b) Regular o réxime xurídico e disciplinario dos clubs, asociacións, agrupacións, comités e a totalidade das entidades, xogadores, adestradores, árbitros, oficiais de mesa, técnicos arbitrais, directivos e, en fin, de todas aquelas persoas que dalgún xeito interveñan na organización e práctica do baloncesto, cumprindo sempre as disposicións vixentes sobre estes casos.
- c) Formar e cualificar persoal técnico e deportivo especializado.
- d) Coordinar as funcións e competencias das federacións zonais e delegacións comarcais.
- e) Regular o seu réxime disciplinario e velar polo seu cumprimento.
- f) Asignar, controlar e fiscalizar as axudas e subvencións aos seus afiliados.

Artigo 6º No ámbito internacional, a Federación Galega de Baloncesto participará en competicións de acordo co que establezan as disposicións vixentes.

CAPÍTULO II

REQUISITOS PARA SER MEMBRO DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO. ESTATUTO, DEREITOS E DEBERES DOS SEUS AFILIADOS

Sección primeira.- CLUBS

Artigo 7º Son clubs de baloncesto as asociacións con personalidade xurídica e capacidade de obrar que teñan por obxecto o fomento e a práctica do baloncesto, e estean afiliados á Federación Galega de Baloncesto.

Para afiliarse á Federación Galega de Baloncesto o club ou entidade deberá solicitalo por escrito acompañando unha copia dos seus estatutos. Tamén deberán afiliarse á Federación Galega de Baloncesto as asociacións de clubs que poidan crearse e sempre como trámite previo para a asunción de competencias expresamente delegadas pola FGB. Os acordos tomados polas asociacións en uso da dita delegación deberán ser notificados á FGB dentro do prazo dos 10 días seguintes á data da súa adopción.

Todos os clubs e entidades afiliadas á Federación Galega de Baloncesto estarán sometidos ás normas e disposicións emanadas desta; contribuirán ao cumprimento das distintas finalidades dunha forma harmónica e activa, baixo os principios democráticos dos presentes estatutos, e participarán en distintas actividades.

Artigo 8º Son dereitos dos clubs os seguintes:

- a) Intervir na elección dos órganos de goberno e representación da Federación Galega de Baloncesto.
- b) Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lles correspondan pola súa categoría, nos termos e observando os requisitos que establezan as bases de competición correspondentes.
- c) Concertar e participar en encontros amigables con outros clubs federados ou estranxeiros, en datas compatibles para as competicións oficiais, coa autorización previa, segundo o caso, da Federación Galega de Baloncesto, da Federación Española de Baloncesto e, incluso se fose necesario, do Ministerio de Asuntos Exteriores.
- d) Asistir e intervir nas reunións dos órganos federativos que lles correspondan consonte as normas vixentes.
- e) Optar ás axudas económicas que estableza a Federación Galega de Baloncesto para os clubs, na medida e ocasión que determinen as correspondentes normas.
- f) Asociarse para o cumprimento dos seus fins.
- g) Fusionarse cos requisitos que regulamentariamente poidan establecerse no desenvolvemento dos presentes estatutos.
- h) Todos os demais que a Federación Galega de Baloncesto estableza en cada caso.

Artigo 9º Son obrigas dos clubs as seguintes:

- a) Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lles correspondan pola súa categoría, nos termos e observando os requisitos que regulamentariamente se determinen, así como os que estableza a Federación Galega de Baloncesto; deberán fixar súa cancha oficial de xogo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Cumpriren os estatutos, regulamentos e demais normas da Federación Galega de Baloncesto, así como os seus propios estatutos.
- c) Poñeren a disposición da Federación Galega de Baloncesto os seus campos de xogo cando lle sexan precisos ao dito organismo.
- d) Contribuíren ao sostemento económico da Federación Galega de Baloncesto, na medida que lles corresponda, aboando as correspondentes cotas, dereitos e compensacións económicas que se determinen.

- e) Aboar os dereitos de arbitraje que segundo as normas federativas lles correspondan, así como liquidar dentro de cada temporada as débedas contraídas coas federacións galega ou zonal, cos seus xogadores, ou técnicos, e con outros clubs no transcurso da competición.
- f) Manter a disciplina deportiva evitando situacións de violencia ou animosidade con outros membros ou estamentos do baloncesto.
- g) Cubrir, atender e contestar coa meirande dilixencia as comunicacións que reciban dos organismos federativos así como auxiliar a estes mediante a facilitación de cantos datos precisen.
- h) Non impedir a asistencia dos seus xogadores e técnicos ás seleccións autonómicas e ás actividades federativas de perfeccionamento técnico.
- i) Coidar da máis perfecta formación deportiva dos seus xogadores, proporcionándolles os medios precisos e garantindo a súa efectiva e plena actividade deportiva.
- j) Dispor para os encontros oficiais dunha cancha de xogo que cumpra os requisitos regulamentarios.
- k) Contar cun adestrador oficialmente titulado para cada un dos equipos que teñan.
- l) Recoñecer para todos os efectos as tarxetas de identidade expedidas pola Federación Galega de Baloncesto.
- m) Facilitarlles a entrada gratuíta nas súas instalacións deportivas aos membros do equipo contrario en posesión da correspondente licenza federativa.
- n) Comunicarlle á Federación Galega de Baloncesto as modificacións estatutarias, o nomeamento ou cesamento de directivos ou administradores e os acordos de fusión, escisión ou disolución nos prazos establecidos.
- o) Presentar a documentación e demais requisitos que sexan necesarios para formalizar a inscrición de cada equipo, segundo o establecido nas normas específicas para as competicións da Federación Galega de Baloncesto.

Artigo 10º Regulamentariamente, en desenvolvemento dos presentes estatutos, determinarase o modo e forma en que se exercitarán e cumpriran os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como no tocante á clasificación dos clubs por categorías, cambios de residencia destes, fusións ou baixas.

Sección Segunda.- XOGADORES

Artigo 11º Para efectos dos presentes estatutos, son xogadores aquelas persoas naturais que practican o baloncesto nun club afiliado á Federación Galega de Baloncesto e subscriben a licenza regulamentaria. Coa sinatura da mencionada licenza queda vinculado ao seu club e suxeito á disciplina da Federación, quedando toda a organización desta última ao seu servizo.

Os xogadores contribuirán ao cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos presentes estatutos, e participarán nas distintas actividades.

Artigo 12º Para poder subscribir unha licenza como xogador deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser español.
- b) Non ter compromiso vixente con ningún outro club.
- c) Ter condición de afeccionado, segundo o establecido pola FEB.
- d) A condición de ser español poderá ser dispensada pola Federación Galega de Baloncesto, con carácter excepcional, de forma permanente ou temporal, nos seguintes casos:
 - o Cando un xogador teña que actuar en competicións amigables.
 - o Cando un xogador só vaia actuar en competicións internacionais de clubs, para as que a regulamentación FIBA admite a súa inscrición.
 - o Cando o xogador vaia actuar en competicións organizadas pola Federación Galega de Baloncesto, nas que a asemblea desta federación teña dispensada expresamente esta condición.

Artigo 13º O xogador ten os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza, respectando os dereitos adquiridos.
- b) Participar en cantas probas, cursos, fases de preparación, seleccións ou outro tipo de concentración, cando sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto.
- c) Participar nas eleccións aos órganos de goberno e representación da Federación Galega de Baloncesto.
- d) Ser recoñecido medicamente polo seu club, de acordo coas directrices determinadas pola Federación Galega de Baloncesto, e por esta unicamente cando se trate de selección ou concentracións organizadas por ela.
- e) Ser adestrado por técnico titulado.
- f) Consideración á súa actividade deportiva.
- g) Recibir material deportivo para a práctica do baloncesto.
- h) Recibir atención sanitaria gratuíta e axeitada no caso de lesión deportiva, ben por atención directa do seu club ou a través de concertos, voluntarios ou obrigatorios, que neste teña coa Mutualidade Xeral Deportiva ou con outra entidade pública ou privada.
- i) Participar nas sesións de adestramento e nos encontros do seu equipo, agás decisión disciplinaria.

Artigo 14º O xogador ten as seguintes obrigas:

- a) Someterse á disciplina do seu club, sempre e cando esta se axuste ao disposto no ordenamento xurídico, e participar nos adestramentos e encontros do seu equipo.
- b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización do club.
- c) Utilizar, coidar e cando sexa requirido para tal fin, devolver o material deportivo que o club lle tivese entregado para tal fin.
- d) Asistir ás probas e cursos aos que sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto.
- e) Participar nas seleccións galegas.

Artigo 15º Así mesmo, os xogadores de baloncesto poderán asociarse para a defensa dos seus intereses relacionados co baloncesto, nos termos que establece, ou poida establecer, a normativa vixente.

Tales asociacións poderán exercer por delegación, competencias da Federación Galega de Baloncesto, para o cal deberán afiliarse a esta. Os acordos tomados polas asociacións no uso da dita delegación, deberán ser notificados á Federación Galega de Baloncesto dentro do prazo de dez días seguintes á data da súa adopción.

Artigo 16º Regulamentariamente, no desenvolvemento dos presentes estatutos, determinarase o xeito e a forma en que se exercitarán e cumpriran os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes á relación entre clubs e xogadores, categorías destes, licenzas, categorías, baixas e cambios.

Sección Terceira.- ADESTRADORES

Artigo 17º Son adestradores as persoas naturais con título recoñecido pola Federación Galega de Baloncesto, dedicadas ao ensino, preparación e dirección técnica do baloncesto, tanto a nivel de clubs como da propia Federación.

Os títulos de adestrador serán expedidos polo organismo competente. Todos os adestradores inscritos estarán sometidos ás normas e disposicións da Federación Galega de Baloncesto; contribuirán ao cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos presentes estatutos; e participarán nas distintas actividades.

Artigo 18º Para actuar á fronte dun equipo, o adestrador, ademais de ter o título correspondente, deberá estar en posesión da licenza anual expedida pola Federación Galega de Baloncesto, que o vinculará a un ou varios equipos determinados.

Artigo 19° O adestrador ten os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza, de acordo coas normas establecidas e con respecto aos dereitos adquiridos.
- b) Participar na elección dos órganos de goberno e representación da Federación Galega de Baloncesto.
- c) Asistir ás probas e cursos de preparación aos que sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto, sen prexuízo das obrigas para co seu club.
- d) Recibir as prestacións da mutualidade nos casos de cobertura previstos.
- e) Recibir o material deportivo preciso para a súa actividade.
- f) Ao cumprimento das estipulacións pactadas co seu club.

Artigo 20° O adestrador ten as seguintes obrigacións:

- a) Someterse á disciplina das entidades deportivas ás que se atope vinculado por licenza.
- b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto ao seu, sen autorización do club.
- c) Empregar, coidar e cando sexa necesario devolver o material deportivo que o club lle teña facilitado.
- d) Asistir ás probas e cursos aos que sexa convocado pola Federación.

Artigo 21° Os adestradores de baloncesto poderán asociarse para a defensa dos seus intereses relacionados co baloncesto nos termos que establece, ou poida establecer, a normativa vixente.

Tales asociacións poderán exercer por delegación, competencias da Federación Galega de Baloncesto, para o cal deberán afiliarse á esta. Os acordos tomados polas asociacións no uso da dita delegación, deberán ser notificados á Federación Galega de Baloncesto dentro do prazo de dez días seguintes á data da súa adopción.

Artigo 22° Regulamentariamente, no desenvolvemento dos presentes estatutos, determinarase o xeito e a forma en que se exercitarán e cumprirán os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes a categorías, titulacións, licenzas, cambios, altas e baixas.

Sección Cuarta.- ÁRBITROS, OFICIAIS DE MESA E TÉCNICOS ARBITRAIS

Artigo 23° Son árbitros as persoas naturais que, tendo subscriba a correspondente licenza federativa, coidan do cumprimento das regras oficiais de xogo e demais normas de aplicación nos encontros e posúen a máxima autoridade dentro do terreo de xogo.

Son oficiais de mesa as persoas naturais que, tendo subscriba a correspondente licenza federativa, colaboran cos árbitros no desempeño da súa función nos encontros. Son técnicos arbitrais as persoas naturais que, tendo subscriba a correspondente licenza federativa, colaboran co comité técnico de árbitros realizando informes sobre actuacións arbitrais ou calquera tarefa relacionada coa formación e seguimento de árbitros e oficiais de mesa.

Todos os árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais inscritos no Comité Galego de Árbitros estarán sometidos ás normas e disposicións da Federación Galega de Baloncesto; contribuirán ao cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos presentes estatutos; e participarán nas distintas actividades.

Artigo 24° Para que un árbitro, oficial de mesa e técnico arbitral poidan subscribir licenza federativa deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español. Este requisito poderá ser dispensado pola Federación Galega de Baloncesto para determinados supostos.
- b) Ter máis de catorce anos.
- c) Posuír título oficial de árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral recoñecido pola Federación Galega de Baloncesto.

- d) Non ser xogador ou adestrador, nin posuír outra condición dentro do baloncesto de modo activo.

Artigo 25° Son dereitos dos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais:

- a) Asistir ás probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación aos que sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto.
- b) Recibir as prestacións da mutualidade nos casos de cobertura previstos.
- c) Percibir as cantidades que se establezan nas Bases de Competición.
- d) Ser clasificado nunha das categorías establecidas pola Federación Galega de Baloncesto, a través do Comité Galego de Árbitros.
- e) Participar na elección de órganos de goberno e representación da Federación Galega de Baloncesto.

Artigo 26° Son obrigas dos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais:

- a) Someterse á disciplina da Federación Galega de Baloncesto, á do Comité Galego de Árbitros e ás dos seus comités zonais.
- b) Non intervir en actividades deportivas relacionadas co baloncesto sen autorización da Federación Galega de Baloncesto.
- c) Asistir ás probas e cursos aos que sexa convocado pola Federación Galega de Baloncesto.
- d) Retirar semanalmente as designacións dos encontros; darse por informados destas, segundo as normas do comité galego ou dos comités zonais.
- e) Asistir e exercer as súas funcións nos encontros deportivos para os que sexan designados. Para que esta obriga quede dispensada os colexiados deberán xustificar a súa indispoñibilidade debidamente e coa antelación prevista nas normas do comité galego e dos seus comités zonais.
- f) Coñecer as regras do xogo e os regulamentos da Federación Galega de Baloncesto.

Artigo 27° Regulamentariamente, en desenvolvemento dos presentes estatutos, determinarase o modo e a forma en que se exercitarán os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes á titulación, licenzas e clasificación por categorías.

Tamén se redactará un regulamento xeral de premios e recompensas aplicable no territorio da Federación Galega de Baloncesto, no que constarán as súas categorías e sistema de concesión, divididos en ordinarios e extraordinarios. Os primeiros, de carácter anual, co fin de servir de exemplo e acicate aos diversos estamentos do baloncesto galego; os segundos, para distinguir feitos excepcionais.

Sección quinta.- OUTROS COLECTIVOS

Artigo 28° Regulamentariamente, en desenvolvemento dos presentes estatutos, regularanse as figuras de:

- a) Directivos das federacións zonais e do Comité Galego de Árbitros.
- b) Delegado de equipo. Ao que se asimilarán os directivos, médicos, directores deportivos, adestradores, preparadores físicos ou encargados de material e a do delegado de campo.

CAPÍTULO III

ÁMBITO XURISDICCIONAL

Artigo 29° Estarán sometidos á disciplina da Federación Galega de Baloncesto todos os seus directivos e funcionarios, todas as federacións zonais ou delegacións comarcais, os xogadores, adestradores, delegados de equipo e asimilados, delegados de campo, clubs, asociacións ou

agrupacións, comités, árbitros, oficiais de mesa, técnicos arbitrais e, en xeral, toda persoa ou entidade que teña relación coa práctica do baloncesto.

Cando actúen en actividades de ámbito español ou internacional, estarán sometidos ao que determinen os estatutos, regulamentos, bases, normas e disposicións da Federación Española de Baloncesto ou da FIBA, segundo corresponda.

Artigo 30° Os organismos e entidades dependentes da Federación Galega de Baloncesto rexeranse polas súas propias normas e regulamentos, subordinadas a este estatuto e ao resto das disposicións federativas vixentes, limitando a súa total competencia ao ámbito que ten asignado. Todas estas normas e regulamentos serán propostos pola Xunta directiva da Federación Galega de Baloncesto á Asemblea xeral para a súa aprobación e serán dados a coñecer aos organismos superiores para a súa homologación.

CAPÍTULO IV

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Artigo 31° A Federación Galega de Baloncesto ten plena xurisdición no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 32° A Federación Galega de Baloncesto estará integrada en si por sete federacións zonais, a saber: Federación Arousá de Baloncesto, Federación Coruñesa de Baloncesto, Federación Ferrolá de Baloncesto, Federación Lucense de Baloncesto, Federación Ourenzá de Baloncesto, Federación Santiaguesa de Baloncesto e Federación Víguesa de Baloncesto.

Para unha mellor organización e cumprimento dos seus fins, a Asemblea xeral, de acordo co sentir e coas posibilidades de cada zona, poderá dividir o territorio galego nas demarcacións que sexan necesarias.

Artigo 33° Tamén se poderán crear unidades de ámbito xeográfico inferior, denominadas delegacións comarcais, dependentes das federacións zonais, para mellor desenvolvemento e promoción do baloncesto en cada zona, sempre por acordo da Xunta directiva da Federación Galega de Baloncesto a proposta de cada federación zonal, pero mantendo os actuais e sempre que con iso se consiga unha maior organización das competicións.

Artigo 34° As federacións zonais e, de ser o caso, as delegacións comarcais, axustarán a súa actividade ás normas ditas pola Federación Galega de Baloncesto a través dos órganos que corresponda, e directamente do seu presidente.

Artigo 35° Os titulares das federacións zonais serán nomeados e cesados polo presidente da Federación Galega de Baloncesto, de acordo co artigo 51 dos presentes estatutos.

A composición do equipo directivo da federación zonal ou da delegación comarcal, así como as competencias destes, serán de libre facultade e do titular da federación zonal ou da delegación comarcal, o cal dará conta ao presidente da Federación Galega de Baloncesto.

TÍTULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

CAPÍTULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 36° Son órganos de goberno e representación da Federación Galega de Baloncesto a Asemblea xeral e o Presidente.

No seo da Asemblea xeral constituirase unha comisión delegada de asistencia a esta.

Artigo 37° Serán órganos efectivos da Federación Galega de Baloncesto o Presidente, a Asemblea xeral e a Comisión delegada no ámbito das súas respectivas competencias.

Os membros dos demais órganos e comités serán designados e revocados libremente polo presidente, coas excepcións previstas nos presentes estatutos.

O nomeamento ou renovación dos órganos de goberno e representación dos órganos complementarios e dos comités que poidan crearse dentro da Federación deberán ser comunicados a todos os membros da Asemblea xeral e á Secretaría Xeral para o Deporte, nun prazo máximo de 15 días a partir da data de nomeamento.

Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e termos establecidos nestes estatutos. Os seus acordos, agás disposición expresa en contrario, adoptaranse por maioría simple; no caso de empate, o presidente terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes estatutos.

A responsabilidade dos membros dos órganos da Federación Galega de Baloncesto no exercicio das súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto no Real decreto 1591/1992, do 23 de decembro, e nos ámbitos civil e penal, de acordo coa lexislación xeral de aplicación.

Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da Federación Galega de Baloncesto, os seguintes:

- a) Ter a condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 de Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos seus dereitos civís.
- c) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que supoña inhabilitación.
- d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que levase anexa unha pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta para un cargo público.
- e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legal ou estatutariamente.
- f) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

CAPÍTULO II

A ASEMBLEA XERAL

Sección Primeira.- NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESAMENTO

Artigo 38° A Asemblea xeral é o órgano superior de goberno e representación da Federación Galega de Baloncesto.

Artigo 39° A Asemblea xeral estará constituída polo presidente da Federación Galega e por representantes dos clubs, entidades deportivas, deportistas, técnicos-adestradores, árbitros e outros colectivos.

Os clubs e entidades deportivas non poderán ser membros da Asemblea xeral se no momento da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro Xeral de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Os compoñentes da Xunta directiva, por esa soa consideración, poderán asistir ás reunións da asemblea, con voz, pero sen dereito a voto.

Artigo 40° A Asemblea xeral estará integrada por oitenta membros, e a representación de estamentos responderá ás seguintes proporcións:

- Clubs e entidades deportivas: 72,5%, que corresponde a 58 membros
- Deportistas: 10%, que corresponde a 8 membros.
- Adestradores-técnicos: 2,5%, que corresponde a 2 membros
- Árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais: 5%, que corresponde a 4 membros.
- Outros colectivos: 10%, que corresponde a 8 membros.

Artigo 41° A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da Asemblea xeral e de cada un dos seus estamentos.

Artigo 42° Os membros da Asemblea xeral e da Comisión delegada cesarán polas seguintes causas:

- a) Defunción.
- b) Disolución do Club ou entidade á que representen.
- c) Expiración do mandato para o que foron elixidos.
- d) Renuncia ou dimisión.
- e) Estar incurso en causa de inexibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cesamento no cargo que exerce.
- g) Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.

Artigo 43° As vacantes que se produzan na Asemblea xeral antes das seguintes eleccións xerais a esta serán cubertas, dentro de cada estamento e de forma sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais, sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da asemblea.

Os elixidos para ocuparen as vacantes a que se refire o apartado anterior exercerán o seu mandato polo tempo que falte para a realización das seguintes eleccións xerais.

Sección Segunda.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO

Artigo 44° COMPETENCIAS. A Asemblea xeral, como órgano máximo de goberno e representación da Federación Galega de Baloncesto, pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre esta, con sometemento ás regras de competencia e procedemento. Especialmente son competencias da Asemblea xeral as seguintes:

- a) Modificar os presentes estatutos e aprobar os regulamentos que sexan necesarios para o desenvolvemento e a organización da Federación.
- b) Elixir, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, o Presidente e a Comisión delegada da Federación Galega de Baloncesto, así como o cesamento e a moción de censura do Presidente
- c) Aprobar o balance, as contas, orzamentos e memorias que teñen que formalizarse seguindo as disposicións vixentes.
- d) Resolver as propostas que, en forma, sexan presentadas á asemblea.
- e) Aprobar os programas e calendarios deportivos anuais que ten que desenvolver a Federación Galega de Baloncesto así como as bases e regulamentos que rexerán as competicións.
- f) Aprobar a creación de órganos territoriais da Federación Galega de Baloncesto.
- g) Aprobar o regulamento de eleccións á Asemblea xeral, Presidente e Comisión delegada da Federación Galega de Baloncesto.
- h) Aprobación do Regulamento de disciplina deportiva.
- i) Calquera outra competencia da Federación Galega de Baloncesto que non estea expresamente atribuída polos presentes estatutos a outro órgano.

Artigo 45° As reunións da Asemblea xeral axustaranse ao seguinte réxime:

a) A Asemblea xeral reunirse unha vez ao ano, necesariamente antes de comezar a nova temporada deportiva, en sesión ordinaria para os fins da súa competencia e, como mínimo para a aprobación do novo orzamento e liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo e das bases e regulamentos que rexerán a competición, e para a aprobación da memoria de actividades anuais.

A Asemblea xeral será convocada polo presidente da Federación Galega por iniciativa propia ou por instancia razoada da cuarta parte dos seus membros cun mínimo de 30 días naturais de antelación á data da súa realización, no taboleiro de novas da Federación Galega de Baloncesto, así como nas federacións zonais e, de ser o caso, delegacións comarcais; deberá incluír necesariamente os puntos da orde do día que se van tratar. En todo caso, notificarse individualmente a cada un dos membros da asemblea por calquera método que permita ter constancia da data da súa recepción, cunha antelación mínima de 48 horas; a notificación efectuarase aos enderezos que consten na Federación Galega de Baloncesto 20 días antes da data de convocatoria

Os defectos formais na convocatoria non darán lugar á nulidade da asemblea sempre e cando os membros desta recibisen a convocatoria coa orde do día no prazo establecido.

En todo caso, a asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre e cando concorran a ela a totalidade dos seus membros.

b) As demais reunións da Asemblea xeral terán carácter extraordinario e serán convocadas polo presidente, ou por proposta de cando menos o 25% de membros da asemblea, cos mesmos requisitos previstos para a Asemblea ordinaria. Logo de presentar a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o presidente deberá convocala necesariamente no prazo dos dez días naturais seguintes. Dende a convocatoria ata a data de realización da asemblea non poderán transcorrer máis de 20 días naturais. Na solicitude deberán indicarse os puntos que compoñerán a orde do día. A convocatoria non poderá conter ningún outro punto distinto aos da solicitude.

c) A asemblea quedará validamente constituída cando concorran na primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros, ou na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de membros asistentes.

d) A Asemblea xeral será presidida polo presidente da Federación Galega de Baloncesto ou quen o substitúa, e actuará como secretario o que o sexa da Federación Galega de Baloncesto. Os acordos adoptaranse por maioría simple. No caso de empate, será decisorio o voto do presidente. Non obstante o anteriormente exposto, cando se trate de decisións sobre a compra ou alleamento de bens inmobles ou operacións económicas que supoñan un 25% máis do orzamento anual da Federación Galega de Baloncesto, así como a modificación dos presentes estatutos, será necesaria a maioría das dúas terceiras partes dos seus membros

Para os efectos de cómputo de quórum e maiorías, cando estes se conformen cun número inexacto de asembleístas, computaranse sempre por exceso e con referencia ao número de aqueles efectivamente existentes como membros da asemblea, descontadas as vacantes.

Artigo 46° Non será admisible de ningún modo para a formación de vontade dos órganos colexiados da Federación Galega de Baloncesto nin para o establecemento de seu quórum, o voto por correo nin a delegación de voto; polo tanto, será necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da Asemblea xeral, se así se aprobouse no regulamento electoral.

Con carácter excepcional, o voto dos clubs e entidades deportivas poderá exercelo o seu presidente, ou a persoa na que el delegue, sempre e cando esta última non sexa membro da Asemblea xeral.

Ninguén poderá exercer na Asemblea xeral máis dunha delegación de voto.

Artigo 47° As votacións no seo da asemblea realizaranse na forma e orde que estableza a presidencia e será esta a que decidirá se serán ordinarias, nominais ou secretas. Se cando menos o 25% dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea xeral.

Artigo 48° O secretario redactará a acta de todos os acordos adoptados na Asemblea xeral ou na Comisión delegada e especificarase o nome das persoas intervinientes e demais circunstancias que se consideren oportunas: contido dos acordos adoptados, resultados das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os emita de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

Artigo 49° Os acordos da Asemblea xeral e da Comisión delegada serán vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade de órganos, persoas e entidades que integran a Federación Galega de Baloncesto, e terán forza executiva a partir da data de adopción.

CAPÍTULO III

COMISIÓN DELEGADA

Artigo 50° No seo da Asemblea xeral deberá constituírse unha comisión delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.

A Comisión delegada será elixida pola Asemblea xeral na primeira reunión que se realice despois da súa constitución, mediante o sufraxio entre os membros desta, o seu mandado coincidirá co da Asemblea xeral.

O número de membros da Comisión delegada será o 15% dos membros da Asemblea xeral. O número non será inferior a 5 nin superior a 15.

O presidente da Federación convocará a Comisión delegada, que se reunirá como mínimo cada catro meses para os fins das súas competencias e, cando menos, para realizar o seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

Son competencias da Comisión delegada as seguintes:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos
- b) A modificación dos calendarios deportivos
- c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos
- d) O seguimento da xestión económica e deportiva da Federación

As modificacións non poderán exceder os límites e criterios que a propia Asemblea xeral estableza. A proposta dos temas que se vaian tratar na comisión correspóndelle exclusivamente ao presidente ou aos dous terzos dos seus integrantes

CAPÍTULO IV

PRESIDENTE

Artigo 51° O Presidente da Federación Galega de Baloncesto é o órgano executivo desta. Posúe a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os seus acordos. Outorga os poderes de representación e administración que sexan precisos e exerce a dirección superior da administración federativa. O Presidente da Federación Galega de Baloncesto nomeará e cesará os membros dos órganos xurisdicionais desta Federación así como os presidentes da federacións zonais e do Comité Galego de Árbitros.

Artigo 52° A duración do cargo de presidente será de catro anos.

No caso de que, excepcionalmente, fiquen vacante a presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, considerarase dimisionaria toda a Xunta directiva, polo que se constituirá a Comisión delegada en Comisión xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocará a Asemblea xeral e esta acordará unha nova elección de presidente para cubrir a vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ao mandato ordinario. Se a vacante se produce por prosperar unha moción de censura, seguirase o disposto no artigo 55 destes estatutos.

Artigo 53° O desempeño do cargo de presidente será incompatible coas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras federacións deportivas; exceptúase a Federación Española da mesma modalidade deportiva.

- b) Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en clubs ou entidades deportivas integradas na Federación Galega de Baloncesto.
- c) A persoa que resulte elixida como presidente da Federación Galega de Baloncesto deberá cesar en todo tipo de actividades directas no deporte do baloncesto e no ámbito territorial da Federación.

Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, coa práctica activa do baloncesto.

Artigo 54° O presidente cesará por:

- a) Transcurso do mandato para o cal foi elixido
- b) Dimisión
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea xeral
- e) Por incorrer nunha causa de inexibilidade ou incompatibilidade. Neste último caso dispoñerá dun prazo de un mes para cesar no posto que resulte incompatible co de presidente.

Artigo 55° A moción de censura ao presidente poderá ser presentada polos membros da Asemblea xeral que constitúan cando menos un 25% desta, mediante un escrito presentado no rexistro xeral da Federación Galega de Baloncesto. Nesta petición deberán solicitar do presidente a convocatoria dunha Asemblea xeral extraordinaria coa antedita moción como único punto da orde do día; deberán propoñer asemade un candidato alternativo á presidencia.

No caso de prosperar a moción de censura, que se votará nun sistema de dupla volta e deberá acadar a maioría absoluta dos membros que compoñen a asemblea na primeira volta ou a maioría simple de asistentes na segunda, realizadas con unha hora de diferenza, o candidato quedará investido, con mandato polo prazo que reste para concluír o período ordinario.

Para a convocatoria da Asemblea xeral extraordinaria seguirase o disposto no artigo 45 dos presentes estatutos. A sesión da Asemblea xeral na que se debata a moción de censura estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

Se a moción de censura non prosperase, non poderá presentarse outra nova ata que transcorra un ano dende a súa presentación.

TÍTULO III

ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS AOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 56° Son órganos complementarios dos de goberno e representación da Federación, para asistir ao Presidente:

- a) A Xunta directiva
- b) O Secretario xeral
- c) O Tesoureiro

Artigo 57°

1.- A Xunta directiva é o órgano colexiado a quen lle corresponde a xestión e administración da Federación Galega de Baloncesto, así como a execución e cumprimento dos acordos da asemblea. O número de membros non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15. Os membros da Xunta directiva serán nomeados e revocados libremente polo presidente.

O presidente elixirá entre os membros da súa Xunta directiva un máximo de dous vicepresidentes, que o serán tamén da Federación, os cales substituirán o presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un secretario, que á súa vez serao tamén da Federación, así como un tesoureiro. Tales cargos, baseados na confianza, poderán ser removidos polo presidente cando o considere oportuno.

Serán membros natos da Xunta directiva da Federación, agás renuncia expresa, os presidentes das federacións zonais en que se estrutura a Federación Galega de Baloncesto e Comité Galego de Árbitros.

Os membros da Xunta directiva que non o sexan da Asemblea xeral, terán acceso a esta, con voz pero sen voto.

Todos os cargos son honoríficos e, no caso de establecerse algunha compensación económica a favor dos membros da Xunta directiva, deberá ser expresamente acordada pola Asemblea xeral e constar dunha forma diferenciada no orzamento xeral. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación Galega de Baloncesto.

2.- O presidente da Federación nomeará un secretario, o cal exercerá as funcións de fedatario e asesor e, máis especificamente:

- a) Redactar as actas das sesións dos órganos de goberno e representación da Federación, con indicación de asistentes, temas tratados, resultado das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.
- b) Expedir as certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.
- c) Remitirlle á Secretaría Xeral para o Deporte as actas da Asemblea xeral e da Comisión delegada no prazo de 15 días dende a data de realización, así como as convocatorias destas.
- d) Proporcionaralles toda a información necesaria aos órganos de goberno e representación da Federación para o bo desenvolvemento das súas misións. Preparará a memoria anual das actividades realizadas e levará os libros de actas, o rexistro de entradas e saídas e o rexistro de clubs e entidades afiliadas.
- e) Cantas outras funcións lle poden ser encomendadas polos estatutos e regulamentos da Federación e lle sexan delegadas polo presidente.

3.- O Tesoureiro da Federación Galega de Baloncesto é o órgano de administración desta.

Como funcións propias exercerá as seguintes:

- a) Levar e controlar a contabilidade da Federación así como os libros contables, segundo a lexislación vixente.
- b) Cobrar e pagar todo o relacionado coa Federación.
- c) Regulamentar o aspecto económico e realizar a inspección económica de todos os órganos da Federación.
- d) Propor a adquisición dos bens necesarios.
- e) Informar da situación dos asuntos pendentes e propor as medidas que considere necesarias.
- f) Confeccionar o balance de contas e orzamentos anuais para a súa presentación na Asemblea xeral.
- g) Elaborar e presentar informes á Comisión delegada sobre o estado contable da Federación.
- h) Supervisará os pagamentos e toda clase de documentos bancarios.

Artigo 58° Para ser membro da Xunta directiva non será preciso formar parte da Asemblea xeral.

Artigo 59° Os membros da Xunta directiva cesarán polas seguintes causas:

- a) Vacancia na presidencia da Federación, sen prexuízo da súa conversión en Comisión xestora nos casos previstos nos estatutos
- b) Dimisión
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do cargo
- d) Por incorrer en causa de inexibilidade ou incompatibilidade
- e) Cesados directamente polo presidente

Artigo 60° A Xunta directiva, como órgano colaborador do presidente, non terá competencias propias e exercerá por delegación aquelas que lle encomende o presidente, as cales poderá revocar en calquera momento.

Artigo 61° Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo presidente e polo secretario.

TÍTULO IV

ÓRGANOS TÉCNICOS E ASESORES

CAPÍTULO I

COMITÉS EN XERAL

Artigo 62º A Federación Galega de Baloncesto poderá crear, tras a aprobación previa da Asemblea xeral, cantos comités técnicos precise, ademais dos seguintes:

- a) Comité de Disciplina Deportiva: Comité de Competición e Comité de Apelación
- b) Comité de Árbitros
- c) Comité de Relacións Exteriores
- d) Comité de Actividades
- e) Comité Técnico
- f) Comité de Promoción

Todos os presidentes dos comités serán nomeados polo presidente da Federación Galega de Baloncesto, de entre os membros da Xunta directiva. O secretario intervirá como secretario de todos os comités, sen voz e sen voto, agás que fose membro deles.

Os comités hanse rexer polos seus respectivos regulamentos internos e, de ser o caso, pola normativa nacional unificada e emanada da Federación Española de Baloncesto, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes estatutos.

CAPÍTULO II

COMITÉS DE COMPETICIÓN

Artigo 63º O Comité Galego de Competición estará integrado por un xuíz único que será auxiliado por un secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O xuíz único será o encargado de coñecer e resolver os casos, segundo as súas competencias, que son as seguintes:

- a) Resolver en primeira instancia.
- b) As reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións de carácter galego ou das fases clasificatorias para acceso ás fases finais nacionais das distintas categorías.
- c) As cuestións disciplinarias que se susciten en relación coas persoas sometidas á disciplina da Federación Galega de Baloncesto. Cando se trate de cuestións que afecten a un ou varios membros da Xunta directiva da Federación Galega de Baloncesto, o Comité precisará autorización previa do presidente para iniciar o expediente.
- d) Os litixios que se susciten entre xogadores e clubs con motivo da subscripción e expedición de licenzas, cando se refiran ás categorías territoriais galegas que, de ser o caso, se considerarán como materia disciplinaria cando se aprecie inobservancia das normas, o cal será obxecto da sanción correspondente.

Artigo 64º Poderán ser seccións do Comité Galego de Competición, para todos os efectos, os comités de competición das federacións zonais. Os membros destas seccións serán nomeados polo presidente da federación zonal correspondente.

Poderán ser competencia dos comités zonais de competición a resolución en primeira instancia das reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións das distintas categorías que se desenvolvan dentro do ámbito zonal correspondente.

CAPÍTULO III

COMITÉ GALEGO DE APELACIÓN

Artigo 65° O Comité Galego de Apelación da Federación Galega de Baloncesto estará integrado por un xuíz único, que será auxiliado por un secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O xuíz único será o encargado de coñecer e resolver os casos que se lle presenten, segundo a súa competencia. Deberá ser licenciado en Dereito.

Artigo 66° É competencia do Comité de Apelación o coñecemento e resolución de todos os recursos interpostos contra as resolucións ditadas polos comités zonais de competición ou polo Comité Galego de Competición.

Artigo 67° Regulamentariamente, e no ámbito das súas competencias, a Federación Galega de Baloncesto desenvolverá o réxime disciplinario, definindo as faltas e sancións e establecendo o procedemento que se deberá seguir en cada caso, de conformidade coa legalidade vixente na materia. Constituirá falta, que se sancionará de acordo co réxime disciplinario vixente, toda infracción das normas contidas nos presentes estatutos, no regulamento xeral e en calquera disposición de carácter deportivo que o sinala.

Artigo 68° As resolucións ditadas polo Comité de Apelación da Federación Galega de Baloncesto en relación coas resolucións adoptadas polos comités zonais de competición ou polo Comité Galego de Competición poderán ser recorridas no prazo de 15 días hábiles, a partir da súa notificación, ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva da Xunta de Galicia, de acordo en cada caso coa normativa vixente.

Artigo 69° As resolucións ditadas polo Comité Galego de Competición poderán ser recorridas ante o Comité Galego de Apelación na forma que regulamentariamente se estableza.

As resolucións ditadas polo Comité Galego de Apelación contra resolucións adoptadas polo Comité Galego de Competición poderán ser recorridas ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva da Xunta de Galicia, na forma que regulamentariamente se estableza.

CAPÍTULO IV

COMITÉ DE ÁRBITROS

Artigo 70° O Comité Galego de Árbitros é o órgano técnico subordinado á disciplina da Federación Galega de Baloncesto que se ten que coidar da captación, ensino e organización dos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais no ámbito galego.

O Comité Galego de Árbitros adoptará a estrutura territorial da Federación Galega de Baloncesto.

Artigo 71° Serán funcións deste comité:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente os árbitros e os oficiais de mesa, en función de criterios prefixados pola Asemblea xeral, propoñéndolle á Xunta directiva a adscrición ás categorías correspondentes. Estas clasificacións seranlle comunicadas á Asemblea xeral.
- c) Propor os candidatos a os árbitros de categorías nacionais.

- d) Proporlle á Xunta directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase, para a súa posterior aprobación pola Asemblea xeral.
- e) Designar os colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da Federación.

Artigo 72º Para efectos funcionais, o Comité Galego de Árbitros de Baloncesto dependerá do Comité Técnico de Árbitros da Federación Española de Baloncesto, co fin de ter unha estreita unidade orientativa ao servizo da arbitrase.

CAPÍTULO V

COMITÉ DE RELACIÓNS EXTERIORES

Artigo 73º O Comité de Relacións Exteriores terá como función fundamental a organización e dirección das seleccións galegas, así como as relacións nacionais e internacionais.

CAPÍTULO VI

COMITÉ DE ACTIVIDADES

Artigo 74º O Comité de Actividades terá ao seu cargo o estudo, a organización, a supervisión, a dirección e o control das competicións.

CAPÍTULO VII

COMITÉ TÉCNICO

Artigo 75º O Comité Técnico terá como función fundamental a planificación, a confección, o desenvolvemento dos programas relacionados co baloncesto, coas escolas de xogadores, cos adestradores e cos árbitros, así como aquelas cuestións técnicas que sexan necesarias, como os *clinics*, cursos superiores, concentracións, perfeccionamento de xogadores, adestradores e árbitros e todas as demais cuestións técnicas que sexan necesarias. O presidente da Federación Galega de Baloncesto poderá nomear un director técnico deste comité, que será un cargo retribuído, se é necesario, e estará ás ordes directas do presidente do devandito comité.

CAPÍTULO VIII

COMITÉ DE PROMOCIÓN

Artigo 76º O Comité de Promoción terá como función fundamental a promoción do baloncesto; a proposta de creación de federacións zonais, escolas de baloncesto, guías locais e zonais, así como de todas as categorías que poidan crearse, dentro da orientación educativa preceptiva; o asesoramento para a instalación de novas pistas polideportivas; todas aquelas cuestións que sexan propias, como as campañas de captación e divulgación do baloncesto.

Artigo 77º Regulamentariamente poderá regularse o funcionamento, composición e competencias dos distintos comités.

TÍTULO V

RÉXIME ELECTORAL

CAPÍTULO I

OS CENSOS

Artigo 78° Compoñerán os censos correspondentes a cada estamento electoral todos os membros da Federación Galega de Baloncesto que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes estatutos e no Regulamento electoral.

CAPÍTULO II

REGULAMENTO ELECTORAL

Artigo 79° Os procesos electorais desenvolveranse consonte o Regulamento electoral, que deberá ser aprobado pola Asemblea xeral por proposta do presidente, e regulará as seguintes cuestións:

- a) Número de membros da Asemblea xeral
- b) Calendario electoral
- c) Censo electoral
- d) Composición, competencias e funcionamento da Xunta electoral.
- e) Requisitos para presentación e proclamación de candidatos. O termo para a presentación de candidatos a Presidente e a membros da Asemblea xeral non poderá ser inferior a dez días.
- f) Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións, así como de recursos electorais
- g) Composición, competencia, funcionamento e localización das mesas electorais
- h) Elección de Presidente
- i) Elección da Comisión delegada

O Regulamento electoral deberá ser ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte

CAPÍTULO III

A COMISIÓN XESTORA

Artigo 80° Unha vez acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea xeral e unha vez aprobado o Regulamento electoral, o presidente procederá, no prazo sinalado neste, á convocatoria de eleccións á Asemblea xeral. A partir deste intre, a Xunta directiva e o Presidente constituiranse en Comisión xestora, e someterán o Regulamento electoral a ratificación pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A Comisión xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea xeral e a Presidente, así como do Regulamento electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas a través dun medio que permita asegurar a recepción da devandita notificación.

O Regulamento electoral deberá ser exposto en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria.

A Comisión xestora administrará a Federación Galega de Baloncesto e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

CAPÍTULO IV

CIRCUNSCRICIÓN ELETORAIS

Artigo 81º Nos estamentos de clubs e deportistas haberá tantas circunscricións electorais como federacións zonais con idéntico ámbito xeográfico.

Nos restantes estamentos a circunscrición será única con ámbito de todo o territorio da Federación Galega de Baloncesto.

O número de membros elixibles por cada circunscrición será:

- a) Clubs e entidades: proporcionalmente ao número de afiliados a cada federación zonal.
- b) Deportistas: corresponderalle un a cada circunscrición electoral e un máis a aquela federación zonal con maior número de licenzas de xogadores.
- c) Árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais: corresponderanlle catro con ámbito de todo o territorio da Federación Galega de Baloncesto.
- d) Técnicos-adestradores: corresponderanlle dous con ámbito de todo o territorio da Federación Galega de Baloncesto.

CAPÍTULO V

XUNTA ELECTORAL

Artigo 82º A Xunta Electoral estará composta por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por elección libre, directa e secreta, de entre as persoas que non sendo candidatas formasen parte da asemblea anterior. Inmediatamente quedará constituída a Xunta Electoral, exercendo como presidente desta o membro de máis idade dos elixidos, e como secretario, o que o sexa da Federación, con voz pero sen voto.

A Xunta Electoral terá as seguintes funcións:

- a) Homologación do censo electoral, resolvendo as cuestións e queixas que se formulen sobre el en relación coa súa formación ou rectificación
- b) Resolución das queixas, reclamacións e recursos que xurdan con motivo dos diferentes actos electorais
- c) A admisión e proclamación de candidaturas
- d) A proclamación dos resultados electorais
- e) A corrección das infraccións que, eventualmente, se produzan no proceso electoral
- f) Aquelas outras que se deduzan da súa propia natureza ou se lle atribúan pola normativa vixente.

A Xunta Electoral tomará as súas decisións, que serán executivas, por maioría simple. Unha vez finalizada a votación e o recuento desta, redactará a correspondente acta, que lle remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de tres días.

Unha vez concluído o proceso electoral da Asemblea xeral, do Presidente da Federación e da Comisión delegada, a Xunta electoral disolverase.

CAPÍTULO VI

MESAS ELECTORAIS

Artigo 83° Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea xeral, do Presidente e da Comisión delegada, constituirase unha ou varias mesas electorais, de acordo co establecido no Regulamento electoral. Os membros destas mesas non poderán ser candidatos e axustaranse no seu funcionamento ás normas que se establezan no Regulamento electoral.

CAPÍTULO VII

RECURSOS

Artigo 84° As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e, contra o que esta resolva caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva. Así mesmo caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva contra todos os actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou de calquera outro órgano ou membro da Federación en materia electoral.

CAPÍTULO VIII

ELECCIONS Á ASEMBLEA XERAL

Artigo 85°

1. Os membros da Asemblea xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, secreto, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da Federación.
2. As eleccións á Asemblea xeral serán acordadas por esta, que aprobará a convocatoria con todos os requisitos que se establezan no Regulamento electoral que así mesmo se aprobe.
3. Logo de que a Asemblea xeral acorde a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo presidente da Federación, quen asinará esta.
4. Dende a convocatoria para a realización desta Asemblea xeral, a Xunta directiva e o Presidente da Federación constituiranse en Comisión xestora, de acordo co xa previsto nestes estatutos.

Artigo 86° Para ser candidato a membro da Asemblea xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 37 parágrafo derradeiro destes estatutos e os establecidos para ser elector que se indican nos artigos 88 a 90 dos presentes estatutos, referentes á antigüidade.

Os requisitos para ser electores ou elixibles deberán cumprirse no día en que se publique a convocatoria de eleccións.

Artigo 87° As eleccións á Asemblea xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes aos estamentos integrantes desta, de acordo co previsto nestes estatutos.

Artigo 88° Os representantes dos clubs e das entidades deportivas na Asemblea xeral serán elixidos por entre os representantes dos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que integren o

censo de entidades deportivas inscritas no rexistro público da Federación e no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, no momento da convocatoria de eleccións, que estivesen igualmente inscritos durante a tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola Federación Galega de Baloncesto ou pola Federación Española de Baloncesto.

Artigo 89° Os representantes dos deportistas na Asemblea xeral serán elixidos entre os maiores de 18 anos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que teñan licenza en vigor expedida pola Federación Galega de Baloncesto no momento da convocatoria de eleccións, e que a tivesen tamén, cando menos durante a tempada anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola Federación Galega de Baloncesto ou pola Federación Española de Baloncesto.

Artigo 90° Os representantes dos técnicos-adestradores e do Colectivo Arbitral na Asemblea xeral, serán elixidos entre os maiores de 18 anos, por e entre os pertencentes a cada estamento calquera que sexa a súa categoría, de entre os que teñan licenza en vigor no momento da convocatoria de eleccións, e que tamén a tivesen, como mínimo, na tempada deportiva inmediatamente anterior, nas mesmas condicións que as establecidas nos dous artigos anteriores.

No tocante ao colectivo arbitral, as licenzas poderán ser indistintamente de árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral, tanto no momento da convocatoria de eleccións como na tempada deportiva anterior, aínda que en ambas non coincidise o tipo de licenza.

CAPÍTULO IX

ELECCIÓN DE PRESIDENTE

Artigo 91° Unha vez concluídas as eleccións á Asemblea xeral, o presidente da Comisión xestora, tras o acordo previo desta, procederá inmediatamente á convocatoria da antedita asemblea para elixir o Presidente e a Comisión delegada da Federación Galega de Baloncesto.

O Presidente será elixido por un período de catro anos, coincidindo con anos nos que se leven a cabo xogos olímpicos de inverno, pola Asemblea xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por todos os membros da devandita Asemblea xeral, tras a presentación e aceptación previas das candidaturas correspondentes, que deberán estar avaladas cando menos polo 10% dos membros da Asemblea xeral. Os candidatos a Presidente poderán non ser membros da Asemblea xeral.

Artigo 92° Será elixido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos emitidos. No caso de que ningún candidato acade esa maioría, procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados e resultará elixido o que obteña a maioría dos votos.

No suposto de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación, e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia proclamará Presidente o único candidato.

Artigo 93° Para poder ser candidato a Presidente da Federación Galega de Baloncesto deberán reunirse os seguintes requisitos:

1. Ter a condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto en cada momento polo Estatuto de autonomía de Galicia.
2. Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
3. Non estar incurso en ningunha sanción deportiva inhabilitante, ditada polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Baloncesto ou polo Comité Galego de Disciplina Deportiva.
4. Non ter sido condenado mediante sentenza xudicial firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

Artigo 94° A votación será libre, igual, secreta e directa e non se admitirá o voto por correo, nin por delegación de persoas físicas.

CAPÍTULO X

ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA

Artigo 95° Na mesma Asemblea xeral convocada para a elección de Presidente, e unha vez realizada esta, procederase á elección dos membros da Comisión delegada da Asemblea xeral.

A Comisión delegada estará composta por 12 membros, ademais de polo presidente da Federación Galega de Baloncesto.

Os membros da Comisión delegada serán elixidos por e entre os integrantes da Asemblea xeral.

Serán elixidos membros da Comisión delegada aqueles que obteñan maior número de votos ata cubrir o número de membros correspondentes á Comisión delegada.

TÍTULO VI

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 96° A Federación Galega de Baloncesto terá un réxime de administración, orzamento e patrimonio propio, e gozará de plena autonomía.

O orzamento anual de ingresos e gastos realizarase de acordo co principio de caixa única.

O tesoureiro someterá á Asemblea xeral ordinaria un balance da situación e das contas de ingresos e gastos, unha memoria económica, así como o orzamento para a tempada seguinte. Balance e orzamento que deberán ser notificados á Secretaría Xeral para o Deporte.

Agás autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte, non poderá aprobarse un orzamento deficitario.

Tampouco se poderán repartir beneficios entre os membros da Federación Galega de Baloncesto.

Artigo 97° A Federación Galega de Baloncesto elaborará unha memoria na que analizará fielmente a súa actividade económica, a súa axeitada actuación orzamentaria, o cumprimento dos seus obxectivos e os proxectos que vai desenvolver, e informará separadamente dos seguintes aspectos:

1.- Diferenciación entre ingresos e achegas, segundo a seguinte desagregación:

- a) Subvencións públicas
- b) Subvencións, donativos ou achegas privadas
- c) Ventas de activos
- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas
- e) Ingresos para servizos prestados pola Federación, permisos, licenzas, inscricións, afiliacións, fichas e outros que se establezan, tras a aprobación previa da Asemblea
- f) Ingresos financeiros

2.- Tamén constará o destino da totalidade de recursos, distinguindo como mínimo os seguintes grupos de custo ou investimentos:

- a) Administración da Federación
- b) Dirección e servizos da directiva, incluíndo viaxes
- c) Competicións
- d) Axudas a clubs e entidades
- e) Axudas para actos deportivos
- f) Construcións e outros **inmobbles**
- g) Formación de deportistas e técnicos
- h) Deportes de elite profesional
- i) Árbitros
- j) Órganos disciplinarios
- k) Mantemento de federacións zonais

3.- O importe das obrigas de pagamento que sexa necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

4.- O importe das garantías e os avais comprometidos.

5.- A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na Asemblea xeral anterior.

Artigo 98° As contas anuais e os orzamentos deberán estar no domicilio social da Federación Galega de Baloncesto cunha antelación mínima de 15 días á data de realización da Asemblea xeral, a disposición das persoas, clubs ou entidades con dereito a voto nela, as cales poderán pedir unha copia que lles será entregada antes de ter lugar a asemblea.

Artigo 99° Constitúen os ingresos da caboverdiano Federación Galega de Baloncesto os seguintes:

- a) As subvencións que poida recibir do Estado, Xunta de Galicia, Federación Española de Baloncesto, deputacións, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada.
- b) Os ingresos obtidos por afiliacións, inscricións, fichas, licenzas, servizos e outros ingresos que se establezan, tras a aprobación previa dos órganos correspondentes.
- c) A participación que se poida fixar nos ingresos de toda orde que teñan as asociacións, agrupacións, clubs e resto de entidades, tras a aprobación previa da Asemblea xeral.
- d) O importe das sancións e das multas que se produzan a consecuencia das competicións que a Federación organice, e con ocasión do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) O beneficio que se obteña por calquera concepto e se produza en actos, encontros e competicións que se organicen.
- f) Os donativos, subvencións e outros ingresos que se deriven do exercicio da actividade propia da Federación.
- g) Os préstamos ou créditos que lle sexan concedidos.
- h) Os procedentes de calquera actividade legal que a título lucrativo ou por explotación ou arrendamento dos seus bens se produzan en favor da Federación.

Artigo 100° A totalidade dos ingresos e do patrimonio da Federación Galega de Baloncesto deberá ser destinada á consecución dos fins propios do seu obxecto social e, en particular, á promoción e ao ensino do baloncesto.

Artigo 101° En consonancia co disposto no artigo 57.3 anterior, a xestión económica ordinaria da Federación correrá a cargo do tesoureiro, baixo a dirección do presidente, coidando das operacións de cobramentos e pagamentos. Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do presidente ou coa do vicepresidente autorizado, todos os documentos de movementos de fondos. Será responsable da xestión e custodia dos libros contables. Formulará balances que, anualmente, deberán ser presentados á Asemblea xeral para que sexan aprobados.

No suposto de ausencia do tesoureiro, será o presidente da Federación Galega de Baloncesto o responsable do exercicio das funcións propias daquel, as cales poderá delegar na persoa que considere oportuno.

Artigo 102° O exercicio económico comeza o día 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro.

TÍTULO VII

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 103° A Federación Galega de Baloncesto levará como mínimo os seguintes libros, debidamente dilixenciados:

- a) Libro de rexistro de entrada e saída de documentos e comunicacións oficiais
- b) Libro de rexistro de clubs, no que constará a súa denominación, o seu domicilio social, e o seu número de inscrición no Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- c) Libros de actas que consignarán as reunións que desenvolvan todos os órganos colexiados da Federación, tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d) Libros de contabilidade
- e) Libro de inventario de bens mobles e inmobles
- f) Rexistro de membros da Asemblea xeral e da Comisión delegada, no que deberán constar os nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para citacións e comunicacións.

Artigo 104° En consonancia co previsto no artigo 57.2 anterior, o réxime documental da Federación Galega de Baloncesto estará a cargo do secretario, a quen lle corresponde a custodia dos libros da Federación; redactar as actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e praxe do presidente; expedir certificacións; remitir as certificacións e acordos que procedan á Secretaría Xeral para o Deporte e, en xeral, preparar a resolución e despacho de todos os asuntos.

No caso de ausencia ou imposibilidade física do propio secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio presidente da Federación Galega de Baloncesto, ou pola persoa en quen este delegue.

TÍTULO IX

DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

Artigo 105° Os estatutos da Federación Galega de Baloncesto soamente poderán ser modificados pola Asemblea xeral de acordo co establecido neles.

Artigo 106° A proposta de modificación dos estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou pola Comisión delegada da Federación Galega de Baloncesto e deseguido será nomeada pola mesma unha comisión técnica que realice os traballos necesarios para presentar ante a asemblea os novos textos, totais ou parciais, que se someterán a aprobación.

Logo de que a Asemblea xeral aprobe a reforma de estatutos, esta deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 107° A Federación Galega de Baloncesto extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por acordo da maioría de dous terzos de membros da Asemblea xeral, referendada por maioría absoluta de todos os membros da Federación Galega de Baloncesto a través de votación libre, igual, directa e secreta.
- b) Polas demais causas que determinen as leis.

Unha vez producida a liquidación, o patrimonio neto destinarase aos fins de carácter deportivo que determine a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

ÚNICA. En todo o previsto nos presentes estatutos e mentres non se confeccionen os regulamentos e normas de carácter xeral, por analogía seguirase o disposto polo Estatuto da Federación Española de Baloncesto e pola Orde, do 28 de xullo de 1995, da Consellería de Presidencia, Administración Pública da Xunta de Galicia, que desenvolve o Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA E FINAL

Os presentes estatutos, unha vez aprobados pola Asemblea xeral da Federación Galega de Baloncesto, entrarán en vigor o mesmo día en que sexan sancionados pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia; quedará dende entón derrogada toda norma que se opoña ao disposto neles e, en particular, nos estatutos aprobados en data, así como no regulamento xeral de desenvolvemento destes.